

A SUPERACIÓN DO FRENTISMO

Manuel Herminio Iglesias

A última assemblea dos nacionalistas en Compostela deixou un BNG dividido en partes iguais. Temos logo dúas tendencias que representan dúas formas distintas de ver a política, e de actuar na sociedade. O frentismo aglutinador, nacido da Asemblea de Riazor dos anos oitenta do século pasado, quedou superado pola disparidade ideolóxica e pola forma de interpretar a realidade social e política da terra de Breogán. Con todo, por moi escaso marxe, na Asemblea gañou a postura resistencialista emanada da teoría da emancipación dos pobos, que entende, que Galicia está sometida polo estado Español, algo semellante a liberación do colonialismo ao que estiveron sometidos moitos países do mundo. Discurso que ao meu xuízo necesita ser retirado ou revisado profundamente.

A verdade é que o nacionalismo galego dende a época na que foi candidato Beiras á Xunta, empezou a perder peso electoral, e a día de hoxe, despois deste cónclave, os gañadores terán que facer un gran esforzo para convencer a moitos militantes descontentos que ven o futuro incerto dentro dunha formación que antepón á organización ás persoas. Que perciben que dende a mesma se dan e se quitan carnés de nacionalismo, cando a vida social, cultural e política do país é moito mais rica do que eles aprecian.

Houbo democracia, sí. A victoria foi pírrica, pois gañara calquera das dúas opcións, a división é e é un feito incontestable. A división e froito, entendo eu, dos malos resultados electorais e da incorrecta visión da sociedade á que aspiramos a gobernar. Pois a día de hoxe, manter teorías dirixidas soio nun sector da sociedade, cando a xente maioritariamente camiña por outro derroteiros e apoia a outras opcións políticas distintas, entendo que é un grave erro. Como é outro erro loitar por unha Galicia ideal, pero ignorar a realidade plural desta fermosa terra. Seguir co discurso de que é a xente a que está despistada e que non comprende a nosa oferta é tanto como minusvalorar a nosa sociedade. Pretender ser goberno é á vez tamen se oposición e outro erro monumental. Dilapidar aos líderes que tanto traballaron pola terra, minusvaloralos, insultalos e incluso perderlle o respecto, é un síntoma de inmadurez e de despotismo propio de países de réximes do terceiro mundo, onde os que discrepan son disidentes.

Na Europa en que vivimos, con todos os defectos que a democracia ten, hai que aceptar que é a xente a que decide co seu voto; tamén hai que entender que o concepto de loita de clases nin os problemas actuais son como os dos anos sesenta do século XX. Por tal motivo, enclaustrarse en ideas e modelos políticos superados e fracasados e intentar cópialos é vivir fóra da realidade. Polo que, sin acritude, chegou o momento de amosar que os galegos somos un país articulado politicamente é que, superado o frentismo; chegou a hora de que os nacionalistas, tendo unha relación normalizada entre as distintas visións de Galicia, lle ofertemos ás xentes outra opción política que sexa capaz de chegar a os habitantes que ven a esta terra como un lugar de recursos para vivir, pero que necesita unha ferramenta política nidiamente galega e diferente a que hoxe ten.

Galicia é unha terra plural que necesita dunha forza transformadora que conecte coa realidade e lle oferre aos galegos algo ilusionante, que supere a política de pancarta, do non permanente, de camiñas sempre á defensiva, da cerrazón ideolóxica, do aillamento social; necesita unha forza que teña boa relación coas demais forzas sociais, pero total independencia das organizacións sindicais.

Moitos son, somos, os que pensamos que a casa que foi común xa non é o lugar nin o modelo para solucionar os problemas desta terra, pois o frentismo foi superado polos tempos e xa non é útil.